



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Decreto da Alcaldía do 20 de xuño de 2016 Antecedentes

Visto o expediente en trámite para a contratación do servizo denominado “**ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2016**”.

Visto que con data de 02.06.2016 procedeuse pola Mesa de Contratación á apertura da documentación correspondente aos criterios dependentes dun xuízo de valor (Sobre “C”).

Visto que con data de 09.06.2016 a Mesa de Contratación, unha vez examinado o informe da responsable da oficina de información xuvenil, acordou puntuar os proxectos do sobre “C” obténdose o seguinte resultado:

| | Obxectivos | | | Estructura funcional | Organización actividades Metodoloxía | Medios Materiais | Medidas de Seguridade | Actividades fora do recinto | Total |
|----------|-------------------|-----------|----------------|----------------------|--------------------------------------|------------------|-----------------------|-----------------------------|-------|
| | Habitos saudables | Igualdade | Medio Ambiente | Cronograma | | | | | |
| ANIAS | 0,333 | 0,333 | 0,333 | 3 | 1 | 1 | 1,5 | 2 | 9,5 |
| MAREXADA | 0,33 | 0,33 | 0,33 | 3 | 2 | 2 | 2 | 1,5 | 11,5 |

Visto que unha vez aberta a documentación correspondente ao sobre “B”, correspondente a criterios avaliábeis automaticamente, e avaliada pola Mesa de Contratación en sesión de 09.06.2016 obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESA | PRECIO | | PROXECTO | IDONEIDADE EQUIPO | TOTAL |
|-------------|------------|--------|----------|-------------------|--------|
| | OFERTADO | PUNTOS | PUNTOS | PUNTOS | PUNTOS |
| MAREXADA SL | 7.399,99 € | 7,61 | 11,50 | Non se acredita | 19,11 |
| ANIAS | 7.040,00 € | 8,00 | 9,50 | Non se acredita | 17,50 |

Visto que a Mesa de Contratación en sesión de 09.06.2016 emitiu proposta de adxudicación en favor da empresa Marexada, Deporte, Lecer e Cultura S.L. ao tratarse da oferta mais ventaxosa non incursa en temeridade.

Visto que con datas de 15.06.2016 e Marexada, Deporte, Lecer e Cultura S.L. constituíu a garantía definitiva esixida e aportou a documentación requirida.

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,

RESOLVO:



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

1. Adxudicar o contrato de servizos de “ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2016” á empresa Marexada, Deporte, Lecer e Cultura S.L. como oferta economicamente mais ventaxosa de acordo coas seguintes condicións (6727,27 € SEN IVE; 672,72 IVE; 7399,99 € TOTAL) e co seu proxecto de prestación do servizo.

2. Infomar ao resto dos licitadores de que as súas ofertas foron descartadas ao resultar menos ventaxosas que a presentada por Marexada, Deporte, Lecer e Cultura S.L. consonte aos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares do expediente e de acordo coa táboa que se desglosa nos antecedentes da presente Resolución.

3. Informar á empresa Marexada, Deporte, Lecer e Cultura S.L. de que o seu representante legal / apoderado deberá comparecer nas oficinas municipais para a formalización do contrato na data e hora que se lle determine ao efecto, aportando con carácter previo a este acto:

-Póliza de accidentes para o campamento que garanta o aseguramento por falecemento accidental, invalidez permanente e os gastos sanitarios dos asistentes, unha vez que se lle faciliten os datos dos asistentes ao campamento.

-Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais dependente do Ministerio de Xustiza, do director/a e monitores/as do campamento (artigo 13.5 da Ley Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor).

4. Ordenar a publicación da presente Resolución no Perfil do Contratante do Concello de Cotobade e notificar aos licitadores interesados.

Cotobade 20 de xuño de 2016

O Alcalde

Jorge Cubela López



O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor

